



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANUNCIO

Polo presente, en cumprimento do disposto no art. 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faise público que con data 9 de maio de 2025 ditouse a seguinte Resolución da Alcaldía núm. 263/2025:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DA ALCALDÍA, ENTRE OS DÍAS 10 E 16 DE MAIO DE 2025, NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE POR AUSENCIA

EXPEDIENTE: 2025/X999/000138

Por ausentarme do termo municipal entre os días 10 e 16 de maio de 2025, ambos incluídos, de conformidade co disposto no artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local; no artigo 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; e no artigo 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en esta data,

RESOLVO:

Primeiro. Delegar a totalidade das funcións da Alcaldía, entre os días 10 e 16 de maio de 2025, ambos incluídos, no primeiro tenente de alcalde, D. Miguel Ángel Fernández Mirás.

No suposto de producirse a vacante, ausencia ou enfermidade do anteriormente indicado, as referidas funcións pasarán automaticamente aos demais tenentes de alcalde, segundo a orde de nomeamento.

No suposto de reincorporarme as miñas funcións antes de ter transcorrido o período arriba expresado quedará automaticamente revogada a presente delegación.

Segundo. Que as resolucións administrativas que se adopten no exercicio desta delegación, se notifiquen as persoas interesadas con indicación de dita circunstancia.

Terceiro. Notificar a presente resolución ao interesado, Sr. Fernández Mirás, procedéndose, ademais, a súa publicación no taboleiro anuncios electrónico e no Boletín Oficial da Provincia.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)“.

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente

O alcalde,

Asdo. Eduardo J. Parga Veiga